

## **RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA**

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL núm. C09-VX-0006/11 presentada pola entidade promotora HERUPASA, S.L.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

### **RESOLVO:**

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL núm C09-VX-0006/11.

As características da promoción son as seguintes:

Localización: AVDA. MARQUÉS DE FIGUEROA, 72 - FENRE - FENE

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: Rematada

Data prevista de remate: Listas para a entrega

Número e tipoloxía das vivendas: 18 para quenda Xeral.

10, de 2 dormitorios.

8, de 3 dormitorios.

Superficie útil das vivendas: entre 63,52 e 90,00 m<sup>2</sup>.

Superficie útil dos anexos: Garaxe: 25 m<sup>2</sup>; Rocho: entre 3,8 e 7,47 m<sup>2</sup>.

Prezo de venda (sen IVE):

Vivenda: entre 77.037,06 € e 109.152,00 €

Garaxe: 18.192,00 €

Rocho: Entre 2.765,18 e 5.435,77 €

Forma de pago: 100% ao outorgamento da escritura pública

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas protexidas de promoción privada non resolto no que o interesado figurase como reserva.

A Coruña, 04 de outubro de 2011.

O Xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas

Asdo.: Jose Antonio Álvarez Vidal

## ANEXO

### MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. \_\_\_\_\_ con D.N.I. num \_\_\_\_\_,  
Inscrito/a no rexistro de demandantes de vivenda protexida co número de credencial  
\_\_\_\_\_, tfno. de contacto \_\_\_\_\_, á vista da apertura do procedemento de  
selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de  
promoción privada de Réxime Xeral número C09-VX-0006/11, na modalidade de Compra ,  
promovido por Herupasa S.L., na Avda. Marqués de Figueroa, 72 – Fenre, concello de Fene.

### EXPÓN

1º Que, interesado/a nas vivendas protexidas da devandita promoción, solicita a inclusión  
no procedemento para a súa adxudicación.

2º Que, no caso de resultar adxudicatario/a, autoriza ao IGVS a facilitar os seus datos  
persoais á empresa promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación  
prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010 para a formalización da compravenda.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_